



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA  
VINTE DE XULLO DE 2016, CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES. ASISTENTES:**

Presidente: D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
Concelleiros/as: D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
D<sup>a</sup>. MARGARITA DEVESA CARDELLE  
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN  
D<sup>a</sup>. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS  
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ  
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ  
D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN  
D<sup>a</sup>. MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY  
D<sup>a</sup>: BEATRIZ AMENAL JUNQUERA  
D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ  
D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ  
D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día vinte de xullo de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (30/05/2016 e 22/06/2016).**

Dáse conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día trinta de maio do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

De seguido dáse conta da acta da sesión ordinaria do día trinta de maio do ano que andamos.

O Sr. Pose do BNG pregunta se se incluíu na acta o informe e máis os anexos, contestándolle o Sr. Secretario que esa documentación está incluída tanto no expediente do pleno como no da propia obra do muro de San Xián, polo que considera improcedente incluílos na acta do pleno.

O Sr. Pose di que consultouno e dixéronlle que cando o informe forma parte da deliberación dun asunto é obrigatorio que forme parte da acta se algunha parte o solicita.

A Presidencia di que apoia o criterio do Sr. Secretario, e sométese a votación a acta, aprobándose con once votos a favor do PP e PSdG-PSOE e dous votos en contra do BNG-AA Vedra.



Dáse conta tamén da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e dous de xuño do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Acordo, se procede, sobre ratificación de Resolución da Alcaldía núm. 262/16, de data 11 de xullo, pola que se aproba o convenio de colaboración con Augas de Galicia para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na Nova rede de saneamento en puntos do rural do concello de Vedra (A Coruña)**

Dáse conta do informe da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día dezaioito de xullo do ano que andamos:

“Visto a proposta de convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o concello de Vedra para a execución da actuación da nova rede de saneamento en puntos do rural do Concello de Vedra (A Coruña), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural Galicia 2014-2020.

Dada a urxencia do asunto, e sen prexuízo da súa ratificación polo Pleno da Corporación, en función das competencias que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local e na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público,

**RESOLVÍN:**

Aprobar o citado convenio de colaboración, cuxo obxecto é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o concello de Vedra para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na “*Nova rede de saneamento en puntos do rural do Concello de Vedra (A Coruña)*”, a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento.”

A Comisión de Asuntos Xerais informa favorablemente a ratificación da citada Resolución, coa abstención do BNG-AA Vedra, porque non están de acordo co criterio sobre do tratamento de augas residuais.”

A Presidencia di que se trata de obras a continuación da EDAR de Neira de Abaixo (San Mamede), cuxo orzamento ascende á cantidade de 700.000 euros, que se levará a cabo nas anualidades 2016-2018, aínda que se intentará que se rematen integramente no exercicio 2017, solicitando o apoio de todos os grupos municipais

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE anuncia o voto favorable do seu grupo ao citado convenio.

Pola súa parte o Sr. Pose do BNG -AA Vedra di que se vai abster, porque ademais de non estar de acordo co modelo do tratamento das augas residuais, como xa vén sendo habitual dende hai anos, non poden remitirille unha documentación, como neste caso, con tan pouco tempo para estudar, que necesitarían dispor polo menos 15 días para revisala. Tamén sinala que non sabe cal sería o prazo de garantía, se hai un seguimento



da obra, e que este convenio ademais obriga a actualizar as tarifas, e que queda todo condicionado á existencia de crédito.

A Presidencia contesta que se intentará que ao longo de 2017 se execute toda a obra e que a súa preocupación é conseguir o financiamento de toda a obra.

O Pleno, con once votos a favor do PP e PSdG-PSOE e dúas abstencións do BNG acorda ratificar a citada resolución.

### **3º.- Acordo, se procede, sobre designación dos festivos locais para o ano 2017.**

Dáse conta do informe da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día dezoito de xullo do ano que andamos:

“Dáse conta da comunicación da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria, solicitando a designación dos dous festivos locais para o exercicio 2017.

Por parte da Presidencia propóñense como festivos locais o día da Ascensión e o Día do Patio.

O Sr. Castro do BNG-AA Vedra di que bota en falta o martes de Entroido, propoñendo esa data como festivo local.

Deixase o asunto para a súa votación en pleno.”

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE expón que o seu grupo está de acordo coa proposta.

O Sr. Castro do BNG-AA Vedra expón que o Entroido é unha festa de gran arraigo no país e estanse a facer esforzos importantes para a súa difusión, polo que é unha incongruencia que non sexan apoiados coa designación do martes de Entroido como festivo local, ademais de que a Ascensión é festivo en Compostela, que non ten ningún arraigo en Vedra.

O Pleno, con once votos a favor do PP e PSdG-PSOE e dúas abstencións do BNG-AA Vedra, acorda aprobar a citada proposta.

### **4º.- Acordo, se procede, sobre nomeamento de don Horacio Pegito Lobato como Alcalde Honorario do Concello de Vedra.**

Retírase o asunto para completar o expediente e aprazalo ata o mes de setembro.

### **5º.- Acordo, se procede, sobre modificación da ordenanza fiscal nº 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis.**

Dáse conta do informe da Comisión de Economía e Especial de Contas do día dezoito de xullo do ano que andamos:

O Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria, celebrada o día trinta de maio do ano que andamos, aprobou unha moción presentada polo PSdG-PSOE coa seguinte parte dispositiva:



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



“Establecer o máximo permitido de bonificación do 95% da cota íntegra do IBI para as construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico, e que se regulará a través da ordenanza que se traerá ao pleno o vindeiro mes na que se establecerán os requisitos para poder acceder a dita bonificación.”

En función do citado acordo propónse:

Primeiro.- Modificar a ordenanza fiscal nº 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, engadíndolle ao artigo 14, que recolle as bonificacións, o seguinte:

14.7.- Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmóveis rústicos nos que estean situadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

No suposto de que nun mesmo inmovible existan, ademais das construcións indicadas no parágrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias, gandeiras ou forestais, aplicaráselle unha bonificación do 50 por cento da cota íntegra do imposto.

Corresponderalle ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, previa solicitude dos suxeitos pasivos, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo e terá efectos a partir da súa solicitude.

Para poder gozar desta bonificación, as persoas interesadas deberán presentar a seguinte documentación:

-Certificado de Facenda no que conste a situación censual do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.

-Acreditación da titularidade catastral dos inmóveis.

-Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda estatal, autonómica e local nin coa Seguridade social.

-Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza da actividade correspondente.

O concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto desta bonificación.

Os obrigados tributarios deberán comunicar no concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación do beneficio fiscal. O



órgano competente poderá declarar, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de 10 días, contados a partir da notificación da apertura do dito prazo, se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito procederase cando a Administración coñeza por calquera medio a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

Segundo.- Darlle ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios da casa do concello e no Boletín Oficial de Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- Considerar, no suposto de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente citado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Comisión de Economía e Especial de Contas, por unanimidade dos asistentes, informa favorablemente a citada proposta.”

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que se alegra polo acordo tomado.

O Pleno por unanimidade acorda aprobar a citada proposta.

#### **6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.**

-- Á pregunta do Sr. Pose do BNG sobre do importe dos asfaltados, a Presidencia procede á lectura dunha relación das adxudicacións e procedementos dos anos 2014 e 2015, que ascenden á cantidade de 314.452 euros (2014) e 187.387,63 euros no ano 2015, e polo que respecta ás medidas de control de calidade, di que á recepción das mesmas tanto da Xunta como da Deputación asisten técnicos.

--Ás preguntas de dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE formuladas no pleno do mes de xuño, a Presidencia contéstalle:

1º.- Sobre da oferta de traballo de Clece, S.A di que a oferta se lanzou dende a oficina de emprego de Vedra, e que se fixo igual que noutras ocasións, sen nada a cambio.

2º.- En canto ao tema de emerxencias di que é un tema complicado, e que se está a pelexar para solucionalo.

--Ao rogo do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE para colgar os plenos en youtube, di que se intentará que todos se poidan conectar a través do Streaming, e se alguén non os escoita nin os pode ver buscarase algunha alternativa.

--Ás preguntas do Sr. Castro do BNG-AA Vedra, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre do Culturalgal, cédelle a palabra ao concelleiro don Enrique Vázquez, que sinala que se están a facer as xestións co Culturalgal para reservar os espazos, que unha vez se dispoñan deles se lle comunicará a todas as asociacións municipais.



2.- En canto á Casa da Irmandade de Santa Cruz, que é propiedade da Xunta de Galicia, esperando que se transmita en breve.

3.- Polo que respecta ao déficit do SAF, expón que hai que diferenciar os usuarios de libre concorrencia dos dependentes, que a Xunta de Galicia só financia as horas dos dependentes (9,70 euros/hora) e que hai un copago dos usuarios, e a diferenza é o que paga o concello. Di ademais que si tivo unha reunión co Conselleiro, e que ás veces a conflictividade entre a normativa social e a laboral encarece a xestión.

4.- Sobre da acumulación de aglomerado no entorno do pavillón, di que se buscará habilitar un espazo axeitado e que xa se limpou.

5º.- En canto ao estado das gábeas, di que non se trata dunha falta de organización, senón da meteoroloxía, e que os medidos son os que son, e que en determinados meses se necesitarían moitos máis medios, que se podería buscar outras solucións, como pode ser limpar primeiro só as vías principais, pero que entende que causaría conflitos entre veciños, polo que acepta a crítica porque sempre se pode mellorar.

6º.- Por último á pregunta sobre dona Marta González di que é improcedente.

### **7º.- Rogos e preguntas.**

--Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE pregunta:

1º.- Se se asinou o contrato coa empresa Servital Servicios Sociosanitarios, S.L para a prestación dos servizos do SAF, como é que non se sabe que día comeza a operar. Di que lle consta que as actuais traballadoras de Clece, S.A non están informadas do cambio e aproveitan para rogarlles que se ocupen de que a empresa adxudicataria cumpra co convenio, polo que se rexen actualmente, que é o da Xunta de Galicia do 2011 (soldos conxelados e coas posibles melloras que ofertou a empresa (ás que queren ter acceso), xa que non poden descargar sobre das traballadoras unicamente a reclamación de ditos cumprimentos, aínda que esperan que non sexa necesario.

2.- Recentemente xubiláronse dous traballadores deste concello, unha foi unha limpadora do colexio e outro unha persoa da brigada de obras. Queren saber cando se vai a cubrir a praza do traballador da brigada de obras, esperando a máxima transparencia, e por que non se ten feito xa co problema do paro que existe. Por que se opta por cubrir a praza de limpadora cun contrato de autónoma, iso é pór en precario o traballo, o pouco que existe, dende o concello, e ao seu grupo parécelle non darlle a importancia que ten.

A Presidencia contesta que están esperando que se remate coa selección das brigadas subvencionadas pola Deputación. En canto á praza de limpadora contesta que o colexio non é competencia municipal e non é conveniente polo de agora a contratación de prazas que despois poden ser ocupadas a través da Xunta de Galicia.

3.- Di que observan que dende hai uns meses se producen os pagos a Adif , pasando de 200 e pico de euros a 484 euros/mes, a que é debido este incremento?

A Presidencia contéstalle que o incremento é debido a que agora se inclúen todas as edificacións da estación.

4º.-Roga que dado que hoxe aprobaron a modificación da ordenanza do IBI, solicitan que unha vez cumpridos os prazos para a súa entrada en vigor, se publique no boletín do concello, na páxina web e facebook,..etc, e que se informe que foi unha iniciativa do seu grupo, apoiada por unanimidade por todos os grupos.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



5º.- Como afecta a lei do solo ao feísmo? E á urbanización errada do Miradoiro de Sales?. Como está ese expediente a día de hoxe?. Quen é o propietario? Paga o IBI a citada urbanización?

6º.- É certo que a partires de agora teñen que pagar o servizo de Protección Civil as Comisións de Festas?

--Don Roberto Castro do BNG-AA Vedra expón:

1º.- Con respecto da resposta á pregunta relativa ao déficit de financiamento por parte da Xunta ao SAF de Dependencia, xa sabe que a Xunta paga a todos os concellos igual (9,50 euros), que segundo o Informe da Secretaría-Intervención que lle cito, son 5 euros menos do custe real de prestación do servizo. Xa saben tamén que hai uns días foi facer unha foto co conselleiro.

A pregunta que lle fixo e non lle contestou é sinxela: Ten feito o Sr. Alcalde algunha xestión ante FEGAMP ou Xunta para que esta faga unha achega acorde ao custe real de prestación do servizo?

A Presidencia contéstalle que falen coa traballadora social sobre das cifras do custo deste servizo.

2º.- Canto paga de IBI a Vedra o ADIF? En especial polos inmobles de uso lucrativo polos que este concello lle está a pagar un aluguer.

3º.- As/os veciñas de Vedra están a recibir recibos de IBI (contribución) relativos a complementos de anos pasados (ata 4 anos) como consecuencia da Regularización Catastral.

Trátase dun imposto directo de carácter municipal, polo que o seu cobro depende do concello (aínda que neste caso a xestión da recadación a efectúa a Deputación). Corríxame se me equivoco, pero quere dicir isto, que o concello é quen ten a potestade de reclamar e cobrar ao contribuínte eses recibos ou non?

Este Pleno aprobou unha moción presentada polo BNG-AA na que se insta (entre outras cousas) ao Ministerio de Facenda a suspender a entrada en vigor da regularización catastral mentres non se fixera unha revisión catastral (de valores). É contraditorio que por un lado o Pleno inste a suspensión da entrada en vigor da regularización catastral e ao mesmo tempo o concello cobre recibos de IBI con carácter retroactivo que son produto desta regularización catastral. Se pode, explíqueme esta contradición.

A situación financeira do concello (que pechou o ano en desequilibrio e déficit) é a causa pola que o concello ten que cobrar o IBI “retroactivo” si ou si?

Respecto da moción aprobada no Pleno do 30 de maio, solicitan:

1º.- Copia do escrito á Dirección Xeral do Catastro no que se solicita a revisión catastral (adaptación dos valores á depreciación do mercado inmobiliario na actualidade) e suspensión da entrada en vigor da regularización practicada.

2º.- Copia do escrito ao Ministerio de Facenda instando á introdución na Lei de Facendas Locais das bonificacións detalladas na referida moción.

A Presidencia dille que o concello non ten potestade para decidir nesta cuestión; é máis que preguntaron expresamente na Deputación se podían renunciar aos atrasos e dixéronlle de forma clara e contundente que non, que non podían; que a regularización é cousa do Ministerio de Economía e Facenda, que o catastro réxese por unha lei estatal



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



que non deixa practicamente marxe algunha aos concellos, e que no caso de Vedra o Alcalde alegrárase de que non houbese atrasos.

4º.-Solicita consulta do “Programa ou Plan de Defensa e Loita contra os incendios forestais do concello de Vedra para a época de maior risco para o 2016”.

5º.- Varias veciñas/os, en concreto da parroquia de Vedra, pedíronlle que trasladaran a este Pleno o seu agradecemento ás persoas que están cumprindo “traballos á comunidade”, porque son elas as que están a limpar as beirarrúas nesta parroquia dende hai meses (agradecemento ao que tamén se suma o BNG-AA Vedra) .

--O Sr. Pose do BNG pregunta:

1º.- Hai tempo o Sr. Alcalde díxolle nunha comisión informativa que estaba esperando a entrar na APLU para solicitar a demolición da urbanización Miradoiro de Sales. Xa hai case un ano que estamos adheridos á mesma, como está o expediente?

2º.- Parécelle normal que a empresa Martínez Montes e Hijos, S.L fose adxudicataria de tantas obras licitadas mediante procedemento negociado con publicidade na web municipal?

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e corenta minutos